

Normativa para a incorporación dun centro adscrito a un título de grao implantado en centros propios

(Aprobada en Consello de Goberno na sesión do 19 de novembro de 2009)

Exposición de Motivos

A Lei orgánica 6/2001, de Universidades establece que os centros docentes de titularidade pública ou privada para impartir estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional deberán estar integrados nunha universidade privada ou adscritos a unha pública ou privada.

O regulamento de centros adscritos da universidade de Vigo establece que “os centros adscritos á Universidade de Vigo rexeranse pola Lei orgánica 6/2001, de Universidades, modificada pola lei 4/2007, polas normas que dite o Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio das súas competencias, polos estatutos da Universidade, polo presente regulamento, polo convenio de adscrición, e polas súas propias normas de organización e funcionamento...”.

As directrices propias da universidade de Vigo sobre estrutura e organización académica dos planos de estudos de Grao dispón que “A elaboración e aprobación do plan de estudos de grao será responsabilidade da xunta de titulación. Para cada titulación de grao poderá crearse una comisión de elaboración de proposta de plan de estudos de grao. A composición destas será aprobada na xunta de titulación correspondente”.

De acordo coa normativa anterior a elaboración dos planes de estudos das titulacións que impartan estes centros adscritos lle corresponde á xunta de titulación do grao de que se trate, segundo o establecido no Consello de Goberno, e das que non forma parte ningún representante dos centros adscritos on de se vai impartir ese mesmo grao.

Por outra banda, debe salientarse que as instrucións da ANECA recibidas o 2 de setembro de 2009 indican que só pode ofertarse un mesmo grado por Universidade, aínda que é posible establecer itinerarios diferenciados dentro de cada centro no que se imparta. Estas instrucións indican que *“Si el Título Oficial ya está Verificado, pero se quieren ampliar los Centros en los que se vaya a impartir, hay que solicitar una MODIFICACIÓN de la memoria (de acuerdo al artículo 28, del RD 1393/2007) y presentarla al Consejo de Universidades”*.

Á vista de todo o anterior, e en cumprimento do establecido polo Artigo 28 do “RD 1393/2007, de 29 de outubro, por el que se establece la ordenación de las enseñanzas universitarias oficiales”, é necesario regular o procedemento a seguir polos centros adscritos para a modificación da memoria de grao xa aprobada polo Consello de Goberno para a súa impartición no/s centro/s propio que lle permita a inclusión dun itinerario adaptado ao seu propio perfil e que complete a oferta de ensinanzas de grao da nosa Universidade.

Artigo 1. Órgano competente para a elaboración e aprobación da memoria.

A elaboración e aprobación das modificacións da memoria do título de grao onde se incorpore toda a información relativa ao itinerario a impartir no centro adscrito, corresponde ao órgano que o propio centro adscrito determine, de acordo coas súas propias normas de organización e funcionamento.

Artigo 2. Normativa aplicable para a elaboración da memoria.

Na elaboración das modificacións da memoria do título de grao, os centros adscritos deberán axustarse ao previsto nos apartados 1 (principios xerais de elaboración dos títulos de grao) e 3 (estrutura xeral dos plans de estudos de grao) das “Directrices propias da Universidade de Vigo sobre estrutura e organización académica dos plans de estudos de grao” aprobadas en Consello de Goberno na sesión de 5 de marzo de 2008 e nas “Liñas xerais para a implantación dos estudos de grao e posgrao no Sistema Universitario de Galicia (SUG)”, aprobado polo Consello Galego de Universidades o 5 de novembro de 2007, así coma a restante normativa de rango superior que sexa de aplicación.

Artigo 3. Procedemento a seguir.

As modificacións da memoria do título de grao remitiranse á Vicerreitoría de Titulacións e converxencia europea, que, no prazo máximo de 15 días, deberá emitir un informe sobre a mesma. Ao mesmo tempo requirirá á vicerreitoría que teña competencias en materia de centros adscritos para que, no mesmo prazo, dende a recepción do requirimento, emita o seu propio informe.

Transcorrido o prazo anterior, a vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea encargárase de elaborar a nova versión da memoria que remitirá ao Consello Social e ao Consello de Goberno para a súa posterior tramitación.

Disposición adicional

Modificación das “Directrices propias da Universidade de Vigo sobre estrutura e organización académica dos plans de estudos de grao” aprobadas en Consello de Goberno na sesión de 5 de marzo de 2008. Inclusión dunha disposición adicional:

Salvo os apartados 1 (principios xerais de elaboración dos títulos de grao) e 3 (estrutura xeral dos plans de estudos de grao), estas directrices non serán de aplicación ao procedemento de modificación das memorias de planos de estudos de grao que supoñan a incorporación dun centro adscrito á memoria previamente aprobada polo Consello de Goberno para centros propios da Universidade.

